

**NOTA INFORMATIVA**  
**AXENDA MUNICIPAL**

**Venres 29**

**9.00 h.**

Na sede da Mancomunidade (rueiro de Figueiriñas, nº 5), o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, presidirá a reunión da devandita institución.

**10.00 h.**

No centro Social e Xuvenil do Ensanche, apertura das xornadas "*Producir, espallar, localizar... Software en Galego*" que organizan as concellarías de Política Lingüística e Relacións Veciñais; Cultura; Educación e Mocidade; e Promoción Económica, Comercio e Emprego.

**11.30 h.**

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, sobre asuntos de carácter local.

**12.00 h.**

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Promoción Económica e Emprego, Xosé Manuel Iglesias, para presentar un curso de Conductoras de Autobús e outros 3 relacionados co ámbito da Terceira Idade.

**12.15 h.**

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Cultura, Néstor Rego, e do director do Festival Internacional de Títeres *Galicreques*, Jorge Rey, para presentar a XI Edición do Festival que comeza o luns, 2 de outubro.

**12.45 h.**

O alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, presidirá o acto de celebración do primeiro aniversario da Residencia Mapfre Quavitae.

**18.00 h.**

Na Casa da Concha, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asistirá ao Pleno do Consello Social da Universidade.

**18.00 h.**

Na praza do Cruceiro de San Pedro, Carme Nogueira desenvolve o seu proxecto *Que facer coas nosas prazas?* que se enmarca dentro da exposición *A Cidade Interpretada*.

**19.30 h.**

No centro sociocultural das Fontiñas, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, visitará o novo espazo de biblioteca no terceiro andar do centro.

**21.00 h.**

Na Catedral de Santiago, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asistirá ao concerto da Real Filharmonía de Galicia que abre a temporada 2006-2007 do Auditorio de Galicia.

**Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2006**